




FRAGAS DO EUME

Ruta de Ventureira

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6 km (circular)

Dificultade: baixa

Duración: 3 horas



O outono é unha boa época para achegarnos ás Fragas do Eume, unha das mellores representacións de fraga atlántica europea, cunha gran riqueza e diversidade biolóxica á que hai que engadirlle a beleza da paisaxe, de espectaculares panorámicas sobre a fraga e o río, vales encaixados e fervezas.

O parque natural das Fragas do Eume, creado en agosto de 1997, abrangue unha superficie de 9.125 ha nos vales do Eume e algúns dos seus afluentes, nos concellos de Pontedeume, Cabanas, A Capela, Monfero e As Pontes. Tamén está protexido como Lugar de Interese Comunitario. O río Eume, eixo do parque natural, nace na vertente sur da Serra do Xistral, atravesa a Depresión das Pontes e logo encáixase entre rochas graníticas e xistos con fortes pendentes para finalmente formar a ría de Ares. O Eume e os seus afluentes discorren por vales profundos que dan acobillo a unha frondosa fraga con unha grande diversidade de especies de animais, vexetais e fungos, algunhas moi raras ou únicas. No interior do parque natural atópase o Mosteiro de Caaveiro, fundado no século X, cunha igrexa románica do século XII e nas proximidades o mosteiro de Monfero.

A amplitude do espazo permite facer diferentes achegas e camiñadas, desde Pontedeume, Monfero ou A Capela. A administración do parque ten marcadas seis rutas, pero calquera camiño que se achegue ao río dentro da zona permite gozar da singularidade do espazo. Nas instalacións do parque facilitánnos información e mapas.

Para unha primeira visita, que nos achegue aos lugares máis representativos, propoñemos seguir a ruta da Ventureira.



COMO CHEGAR:

Accedese desde Pontedeume seguindo a estrada en dirección a Monfero e a 2 km o desvío á esquerda a Ombre e ao mosteiro de Caaveiro, ata que remata a zona asfaltada. Deixamos o coche ao pé da ponte de Santa Cristina e collemos o camiño que remonta o río pola marxe esquerda. Un camiño sen grandes desniveis que se vai estreitando ata facerse carreiro discorre entre a fraga e o bosque de ribeira o que nos permite ir gozando da presenza das especies dos dous hábitats. A 1,5 cruzamos o rego da Vaca que cae formando uns pequenos saltos e nas paredes da súa canle podemos ver dúas das especies de fentos de grandes dimensións que fan deste un lugar único (*Woodwardia radicans* e *Caloclema macrocarpa*) e un pouco máis adiante o rego de San Bartolomé e a minicentral do Parrote. Subimos a costa de acceso á central e ao pasar a segunda curva apartamos á esquerda por unha escaleira e subindo e baixando por un carreiro estreito chegamos á central do Eume, á ponte sobre o río e á antiga central da Ventureira, ao pé da que baixa o rego de Teixido formando unha longa ferverza. O camiño de volta facémolo pola marxe contraria (no concello da Capela), cun primeiro tramo pola estrada e logo desvíámonos á esquerda por unha pista forestal que discorre case horizontal con varios puntos panorámicos sobre a fraga, o río e o mosteiro de Caaveiro. Ao remate da pista un carreiro lévanos á ruta que baixa da capela, xa moi preto do mosteiro de Caaveiro, que non pidemos deixar de visitar, así como tampouco deixar de desviarnos á ponte do río Sesín ou Mazoca. De Caaveiro podemos baixar polo camiño enlousado, ou podemos alongar a ruta seguindo o curso do río Sesín ata a súa desembocadura e logo, remontando o Eume polo carreiro dos pescadores, volver á ponte de Santa Cristina onde rematamos a ruta. Se queremos facer a camiñada máis longa podemos completala coa ruta dos Encomendeiros, unha camiñada circular que discorre apegada á beira do río pola marxe dereita e que podemos interromper en calquera das dúas pontes colgantes para volver pola estrada ao punto de partida. Completa, ata a ponte de Cal Grande, son 11 km máis, e ata a primeira ponte (Fornelos) 5 km.



Rego da Vaca. Ferverza e fento *Woodwardia radicans*, un fento pouco común presente nas Fragas do Eume. Os seus frondes poden acadar os 2,5 m de lonxitude.




Antiga central da Ventureira e ferverzas do río Teixido.



Mosteiro de Caaveiro desde un dos puntos do camiño.



Os monxes de Caaveiro construíron para o servizo do mosteiro unha ponte e un muíño no río Sesín ou da Mazoca, afluente do Eume.




O Eume no Pozo Redondo. A auga remansada espella as árbores da ribeira.



Unha vista da fraga desde o mosteiro de Caaveiro.



Xilbalbeira



Corvos mariños